

## ACTA DA ASEMBLEA DE BARRIO DO ENSANCHE A DO DÍA 18 DE ABRIL DE 2016

No Centro Cultural Carvalho Calero , situado na Praza do Inferniño s/n, Ferrol, sendo as 19:25 horas, celebrouse a Asemblea de Barrio do Ensanche A cos seguintes **asistentes**:

Polo Goberno municipal:	José Álvaro Montes Celeiro, concelleiro delegado da área de Participación, Novas Tecnoloxías e Normalización Lingüística		
Traballador/a municipal:	Jorge Juan Pena Piñeiro, xefe do Negociado de Participación e Comunicación.		
Asistencia técnica:	Olalla López Barro da empresa Rexenerando S. Coop. Galega		
Nº total de veciños e veciñas asistentes do barrio:	2	Nº de homes:	2
		Nº de mulleres:	0

### Desenvolvemento da sesión:

Alvaro Montes, Concelleiro de Participación da a benvida ás persoas asistentes a esta asemblea, cedéndolle a palabra a Olalla López Barro da empresa Rexenerando S.Coop. Galega.

En primeiro lugar procedese a escoller os representantes do Ensanche A tanto para as vicepresidencias da Asemblea de Barrio como para o Consello da Veciñanza. Previamente á asemblea presentaron no Rexistro Xeral do Concello a súa candidatura José Antonio Santiago Caamaño para a Vicepresidencia da Asemblea de Barrio en representación das asociacións do barrio e Alexandra Calvo Rafalli para o Consello da Veciñanza.

Na Asemblea presenta a súa candidatura un dos asistentes para completar os nomeamentos que quedaban pendentes, polo que resultan os seguintes representantes:

VICEPRESIDENCIAS ASEMBLEA DE BARRIO	
A título inividual	Xosé Manuel Sanxoán Caamaño
En representación de entidades	José Antonio Santiago Caamaño (AVV Ensanche A)

REPRESENTANTES NO CONSELLO DA VECIÑANZA
Alexandra Calvo Rafalli
Xosé Manuel Sanxoán Caamaño

A continuación debátese sobre a falta de asistencia a esta asemblea chegando a dúas conclusións:

- Deficiencia na comunicación previa a celebración da asemblea.
- Desafección por parte da cidadanía

Logo presentase á asemblea un borrador de regulamento interno de funcionamento da mesma co obxecto de que se debata e estude por parte dos asistentes para formular todas as achegas que estimen oportunas, polo que este documento queda pendente da súa aprobación ata a vindeira asemblea de barrio.

Por último iniciase un debate entre todos os asistentes para recoller aqueles temas de tipo xeral que preocupan nestes momentos aos veciños e veciñas do Ensanche A e que a modo de resumo son os seguintes:

- Peche da biblioteca do Centro Cívico.
- Recuperación da praza e do centro comercial.
- Xerar un debate global de ideas no barrio.
- Demanda dunha programación cultural.

Agradecendo a presenza dos asistentes, dáse por rematada a sesión ás 20:24 horas.

O concelleiro delegado da área de  
Participación, Novas Tecnoloxías  
e Normalización Lingüística

O traballador municipal

Asdo. José Álvaro Montes Celeiro

Asdo.: Jorge Juan Pena Piñeiro